

BRANDOÑAS (SANTA MARÍA)


Por Evaristo Domínguez e Xosé M^a Lema

Santa María de Brandosñas é a parroquia máis meridional de todo o concello. O propio río Xallas –transformado en encoro pola presa da Fervenza- establece os lindes por toda esta parte sur. As terras da outra banda do encoro xa son do concello de Mazaricos: parroquias de San Tomé dos Vaos (que quedou case toda asolagada polas augas) e San Mamede de Alborés; a parroquia de Bañías, do concello de Vimianzo, establece os límites polo oeste; polo norte linda con Muíño e polo leste con Brandomil. Na administración civil do Antigo Réxime, Brandosñas era tamén a parroquia máis meridional da xurisdición de Vimianzo, do señorío do conde de Altamira (que era quen tiña o dereito señorial de presentación parroquial). No relativo á xurisdición eclesiástica, é freguesía anexa de Brandomil, e coma ela forma parte do arciprestado de Céltigos.

Dispoñemos dos seguintes datos da súa evolución demográfica: 22 veciños (1607), 28 veciños e 134 hab. (1836), 232 hab. (ca. 1928), 36 vec. e 222 hab. (1965), 34 veciños e 242 hab. (1970), 189 hab. (1981) e 142 hab. (1991), 131 (2001), 119 (2006), 100 (2011) e 85 (2015). Unha densidade moi baixa (20,2 hab./km²), moi inferior á media provincial e galega. A poboación desta parroquia xa se reducira moito a partir de 1965 ao seren abandonados por completo os lugares de Vilarcovo, Barral e O Pego, asolagados polas augas do río Xallas cando se construíu a presa da Fervenza.

Na actualidade, estes son as aldeas da freguesía: Borreiros, Os Currais, O Cotoño, A Gris, Os Pedrouzos e A Xestosa, todos eles situados nunha península formada no tramo medio do Xallas entre as colas da presa da Fervenza. Brandosñas non corresponde a ningunha entidade de poboación. A súa poboación ao longo do presente século foi:

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
BRANDOÑAS	131	130	128	125	120	119	112	114	107	100	100	100	94	90	85
Borreiros	48	48	45	44	39	37	35	35	33	31	30	30	25	26	25
Currais, Os	31	30	31	32	33	34	32	33	30	25	24	24	24	24	24
Gris, A	13	13	13	13	13	13	13	13	13	13	13	13	13	10	10
Pedrouzos, Os	23	22	23	21	21	21	18	19	19	19	21	21	20	18	13
Xestosa, A	16	17	16	15	14	14	14	14	12	12	12	12	12	12	13



Evolución do poboamento da parroquia e de todo o concello desde o 2001, en porcentaxes

A toponimia de Brandoñas

O nome de **Brandoñas** considérao o lingüista F. Cabeza Quiles (2014: 319-320) dunha orixe semellante á de Brandomil, pois derivaría dun antigo **Glandonias* prerromano (< da voz celta **glan*, **gland* ou **glando*, co significado de 'ribeira, beira'). O paso de **Glandonias* a Brandoñas produciríase, coma no cambio de *Glandomiro* a Brandomil, a mesma confusión por equivalencia acústica das consoantes iniciais **g-** e **b-** por posible influencia tamén dos nomes xermánicos en *brand-*.

Barral vén do prerromano *barro* 'lama, fango', propio dun lugar lamacente. **O Cotoño** fai alusión a unha pequena altura penedía (procede do elemento prerromano **cott*, 'prominencia, altura rochosa'). **Os Currais** xa é o suficientemente transparente (do lat. *currales*); o que chama a atención que rexistre o plural en *-is*, máis propio da zona oriental de Galicia. **A Gris** é o resultado da simplificación fonética de Grixia, voz que procede do latín *ecclesia*; sinala o lugar onde se sitúa a igrexa parroquial (a pronuncia local, que acabou despalatalizando o *-x-* acabou transformando a que nun tempo foi Grixia en Gris). **Os Pedrouzos** vén do latín *petrosos* 'lugar abundante en pedra'. **O Pego** procede do lat. *pelagus*, que pode significar 'mar' ou tamén 'fosas profundas nun río, augas desbordadas dun río'. **A Xestosa** indica un terreo abondoso en xestas. **Vilarcovo** facía referencia a un poboado asentado nun lugar arqueado ou deprimido (estaba nunha ladeira bastante pronunciada); tamén pode dar idea dun lugar onde houbo unha mina. **A Fervenza**, o nome que tomou o encoro, fai alusión aos rápidos do río Xallas que facían "ferver a auga" ao caeren desde certa altura, rápidos que desapareceron coa construción da presa.

A igrexa parroquial de Sta. María de Brandoñas

Está situada na zona máis elevada do lugar da Gris, rodeada polo camposanto; desde este pequeno outeiro óllanse cara ao sur as augas do encoro que rodean as terras da parroquia coma unha ría ou mar interior.

No ano 1607, segundo o cardeal J. Del Hoyo na súa visita:

“Esta felegresía tiene veinte y dos feligreses. Los frutos dos partes: la una y un desmero la cura y la otra por sincura eclesiástica hordinaria el licenciado Alonso Blanco, inquisidor. Valdrá su parte al retor veinte cargas de pan. Presentación la cura del conde Altamira y la sincura eclesiástica hordinaria. Aquí paresció por testificación de toda la felegresía que una leira andava usurpada de la fábrica y los que la tenían partida se convencieron dello.”



Igrexa de Santa María de Brandoñas (foto XMLS)

Arquitectura

O templo é de gran simplicidade arquitectónica. Presenta unha planta de salón cun presbiterio e unha nave rectangulares. A fábrica actual posiblemente date da segunda metade do séc. XVIII, e a parte máis interesante é a fachada, de cantería, coroada por unha espadana do séc. XIX de dous arcos de medio punto que prestan acubillo a cadansúa campá. A porta principal remata nun arco alintelado (o lintel confórmano doelas dispostas en posición radial), sobre o que vai unha fornela rematada en arco de medio punto que acubilla unha imaxe pétrea da Virxe, a patroa da freguesía, posiblemente barroca, do séc. XVIII.



Fachada barroca da igrexa de Brandosñas (séc. XVIII)
[foto XMLS]



Detalle da fachada, coa placa do arco alintelado e imaxe da Virxe cun dosel avieirado (foto XMLS)

Interior: retablo maior

No interior da igrexa salienta o arco de medio punto sobre pilastras que comunica a nave coa capela maior. Parece ser que na década de 1930 retiraran do centro do presbiterio o retablo maior e se construíra no seu lugar outro de cemento imitando as formas neoclásicas.

Este pseudoretablo aínda existía, polo menos, en 1993, cando efectuamos unha visita a esta igrexa. Afortunadamente agora xa non está, pois foi substituído por un novo retablo, tamén de trazas neoclásicas: un único corpo dividido en tres paneis, culminado por un frontón triangular. No panel central atópase a imaxe da Virxe María, a patroa, vestida cunha túnica vermella e un manto azul; posiblemente de estilo barroco, da segunda metade do séc. XVIII. No panel esquerdo, unha nova imaxe da Virxe das Neves, que substituíu outra imaxe anterior, tamén barroca, que aínda se conserva na igrexa. No panel dereito, a Virxe do Carme, barroca e tamén do séc. XVIII, vestida co manto castaño dos carmelitas, leva o neno Xesús no brazo dereito.

Fóra do retablo, na parte esquerda, hai unha traballada imaxe de san Roque de estilo barroco, obra seguramente da segunda metade do séc. XVIII; vai vestido coas roupas de peregrino a Compostela, cun chapeu de amplas abas na cabeza –adornado cunha vieira-e ao seu pé conserva a figura do anxo que lle traía os perfumes contra a peste e o can co pan na boca que o alimentaba, segundo a tradición. Na parte dereita do retablo hai un santo Antonio, tamén de estilo barroco, vestido co seu hábito franciscano; esta figura foi restaurada nos últimos anos e, froito desta restauración, engadíuselle un neno Xesús bastante desproporcionado, que sostén coas dúas mans.



Nicho barroco da sacristía de Brandoñas



Interior da igrexa de Brandoñas cos tres retablos (foto XMLS)

Dous interesantes retablos barrocos de pedra

Con todo, o que máis nos chama a atención do interior son dous retablos construídos en pedra, case xemelgos, situados a un e outro lado da nave no seu primeiro tramo, de traza claramente barroca: baseándonos nas columnas helicoidais ou salomónicas e noutros detalles decorativos, coidamos que tales retablos se construíron no primeiro terzo do séc. XVIII, seguramente por volta de 1717, segundo unha inscrición que aparece nun fornello sen imaxe no interior da sancristía, flanqueado por dúas voluminosas volutas. Foron sufragados por particulares, posiblemente un fidalgo local ou un labrego rico, tal como se nos fai saber na inscrición incompleta que a duras penas se aprecia na arquitrabe do retablo sur: "...COLATERALES HIZO¹ ...NTO A SU COSTA Y DEVOCION...". Como xa non se distinguen máis letras, quedamos sen saber quen fora o devoto.



Retablo pétreo lateral norte, de estilo barroco (séc. XVIII)
[foto XMLS]



Santiago cabaleiro do retablo lateral norte
(foto XMLS)

Os dous retablos van cubertos por un dosel curvo e presentan a mesma estrutura: un corpo principal flanqueado por columnas salomónicas dividido en dous paneis e un ático entre volutas enmarcadoras rematado nun frontón triangular partido. Estiveron pintados e aínda conservan restos de pintura, e tamén as imaxes.

O retablo norte debeu estar dedicado a Santiago, pois está presidido por unha imaxe ecuestre súa,

¹ Tamén pode ser: "...COLATERAL SE IZO..."

vestido de cabaleiro á moda do XVIII (con casaca vermella e tricorne); perdeu a espada que brandía na man dereita; o seu cabalo asoballa baixo os seus cascos unha figura núa engruñada (un mouro). No corpo inferior, no nicho esquerdo, hai un frade que parece ser da orde dos dominicos; bendice coa man dereita e sostén un libro na esquerda (pode ser o propio san Domingos); no nicho dereito hai agora unha figura pétrea moi desgastada e irrecoñecible (en 1993 ocupaba este lugar unha santa mártir que agora pasou ao ático do outro retablo). Entre os dous paneis tallouse unha cruz latina.

Ignoramos a quen estaba dedicado o retablo sur, pois a figura da santa mártir (leva a palma do martirio na man dereita) que hoxe o preside, procede do retablo norte, onde se encontraba en 1993. No corpo inferior do retablo, na fornela da esquerda, unha Virxe de aceptable feitura co neno Xesús no colo; no outro fornelo, un Ecce Homo (Cristo sedente, coas mans atadas e coroado de espiños); entre as dúas figuras, un anxo sostendo unha longa cruz.

O retablo norte parece estar presidido pola figura de Santiago, que aparece vestido de cabaleiro á usanza do XVIII (con casaca e sombreiro de tres puntas); no corpo inferior hai un frade



Retablo lateral sur de Brandoñas (séc. XVIII) [foto XMI.SI]

dominicano (quizais o propio san Domingos) e unha muller mártir (leva a palma do martirio na man dereita) vestida cun hábito monxil. Terá algo que ver este altar dedicado ao Apóstolo coa prolongación do camiño de Santiago que, pasando por Brandomil e Brandoñas, levaba antano a moitos peregrinos xacobeos a Fisterra e a Muxía (ou ao revés: peregrinos da costa cara a Compostela)?

Ao seren de pedra granítica, a feitura destes retablos é moi esencial: as espiras das columnas salomónicas e os minuciosos detalles decorativos do estilo barroco presentan moitas dificultades técnicas difíciles de resolver por moitos artistas populares.

A dificultade do material tamén provoca que a talla das imaxes se limite os trazos básicos e que se fuxa do detalle, o que motiva que as dobras das vestiduras sexan opacas e pouco profundas. Con todo e iso, os rostros destas figuras, vistos de preto, vese que son de boa feitura e certa beleza (en especial o de Santiago), e chámamos a atención os seus grandes ollos, expresivos, que conservan a pintura orixinal case intacta malia o paso dos anos. Tamén é fermosa a cabeza do cabalo de Santiago, vista de perfil.

Este é un dos poucos retablos barrocos de pedra da

comarca. É contemporáneo doutros retablos pétreos da comarca: o maior de Santa Sía de Roma, o da ermida de Santa Mariña de Paizás (Cambeda) e, sobre todo, da fachada-retablo da igrexa de Santiago de Traba, obra dun canteiro de Pazos (Tines) chamado *Domingos Martínez*; nesta fachada trabeira hai un Santiago ecuestre de pedra con certas semellanzas co de Brandoñas, e tamén o

rosto é parecido; polo tanto, non nos estrañaría que o autor destes dous retablos de Brandoñas fose o tal Martínez.



Rostros dalgunhas imaxes dos retablos de pedra da igrexa de Brandoñas (séc. XVIII). Arriba: Santiago, Virxe co neno, Ecce Homo.
Abaixo: ancho portador da cruz, frade, mártir descoñecida [fotos XMLS]



Cabeza do cabalo de Santiago (foto XMLS)

O cruceiro do lugar da Gris

Situado nunha pequena praza formada no medio deste lugar, a escasa distancia da fachada da igrexa. Trátase dun monumental cruceiro de longo varal de sección cuadrangular na base, biselado pola parte central, asentado sobre unha alta plataforma poligonal de seis chanzos.


O varal ou fuste remata nun capitel de formas xónicas (polas volutas), con cabezas de querubíns en cada lado. Sobre el vai unha cruz de sección cilíndrica, que na cara que mira ao oeste presenta un Cristo crucificado con tres cravos, cos brazos moi estricados e as pernas dobradas polos xeonllos, o pano de pureza de forma moi triangular.

A figura de Cristo semella estar aínda con vida, e no seu rostro non se aprecia ningún tipo de sufrimento; con todo e iso, a talla é bastante deficiente, cun corpo desproporcionado, cabeza de trazos esquemáticos e anatomía mal lograda.

A figura do lado leste parece ser unha Inmaculada; só damos visto as formas dun manto que debe cubrir o



Cruceiro da Gris (Brandoñas) [foto XMLS]



Figuras do cruceiro do cruceiro da Gris (Brandoñas) [foto XMLS]

corpo da Virxe, de pé sobre un querubín e os cornos da lúa.

Este cruceiro ten a particularidade de que nos laterais norte e sur do brazo longo da cruz ten cadansúa figura, pouco habitual nos nosos cruceiros. Tanto unha coma a outra figura presentan un corpo desproporcionado, quizais represente algúns dos personaxes presentes no Calvario ou aos doadores.

É difícil encadrar estas esculturas nun estilo artístico e nunha época. É posible que a súa feitura se remonte ao séc. XVIII. Debemos valorar este cruceiro como unha clásica obra naïf dun ánonimo canteiro ou escultor rural. Na sinxeleza e na traza esquemática das figuras está o seu encanto.

Servizos feudais debidos polos veciños de Brandoñas e Brandomil ao Conde de Altamira (1592)

Trátase das obrigas feudais que os veciños destas freguesías tiñan que observar co conde, debido a que estas parroquias pertencían á xurisdición de Vimianzo (gobernada polos condes de Altamira ou por un encargado seu, un meiriño, que era quen habitaba o castelo de Vimianzo, cabeza da xurisdición).

"Apeo de los servicios y derechuras de la felegresia de Santa Maria de Brandoñas:

El Conde de Altamira está en quieta y pacífica posesion como patron de los beneficios y curas de las iglesias de Brandoñas y San Pedro de Brandomil su anexo las veçes que suelen vacar a presentarlos un clérigo curero que sea habil para ello y esto una vez e los herederos de Gregorio de Bervia (...).

Obligados los peones lanceros con sus lanzas y espadas a acompañar al merino a prender los presos y los que no fueren peones ir con ellos en las esposas a la fortaleza de Vimianzo.

Todos los vecinos [están obligados a] ir a guardar el ganado de los curros del Hospital de Logroso para que cobre sus derechuras el Conde y no ha de cobrar montaxe de los ganados de los vecinos de Brandoñas.

Montear los lobos (...) el año que no matasen lobo pagar cada vecino un carnero de un año o real y medio por carnero de lobo.

Las viudas [han de pagar] dos gallinas o dos reales. Todos los vecinos pagan la luctuosa.

Coger el pan en manoxos, medir, cobrar e majar y el Conde o sus factores les han de dar de comer e beber.

Todos los mostrencos y colleitios son del Conde"

(fol. 775 dun documento dun arquivo privado transcrito por Juan López Bermúdez, médico de Toba-Cee).

Unha parroquia rica en mámoas

Non cabe dúbida de que as terras da parroquia de Brandoñas –coma outras da beira do Xallas das parroquias de Brandomil, Baíñas e Olveira- estivo moi poboada no período neolítico, particularmente na época do megalitismo (3º milenio a.C.). Contabilízanse no territorio brandoñés polo menos sete mámoas: tres na Cerqueira (Borreiros, Os Pedrouzos) e cadansúa no monte de Senande, no Prado de Trillo, na Mina do Cotón, en Porto Carreiro e na Pedra da Vasixa (A Xestosa), esta última quedou asolagada debaixo das augas do encoro da Ferverza e só é visible cando baixa o nivel das augas.

De todas elas salientamos a **Mina do Cotón nos Currais**. Chegados a este lugar, cóllese a primeira desviación que hai en dirección leste e séguese por unha pista de pedra uns 200 metros. Alí hai outro cruzamento e hai que coller o camiño da esquerda. Despois de percorrer uns 300 m, desde esta segunda desviación chegaremos ao lugar no que había unha casa en ruínas chamada "A Casa dos Mineiros" moi preto e, a uns 20 m da pista á man esquerda, temos unha mámoa de dimensións considerables: o seu diámetro rolda os 31 m e na croa acada unha altura duns 2 m con relación ao terreo circundante. É a mámoa de maiores dimensións do concello e das mellores conservadas. Ten o cono de violación duns 4 m de diámetro, un pouco descentrado cara ao oeste. Na actualidade está no medio dunha pradeira, polo que ofrece excelentes condicións para ser observada. As súas coordenadas UTM son: X=503.780 Y= 4.761.910. O folclore fálanos que nela estiveran os mouros.



Mámoa dos Currais (Brandoñas) [foto XMLS]



O tamaño da mámoa dos Currais, tomando a figura humana como referencia (foto XMLS)

A parroquia na literatura: Brandoñas o forte

Como acontecía con Brandomil, tamén o nome desta parroquia inspirou o máis épico dos nosos poetas, Eduardo Pondal. Deste xeito, a maxia da poesía permítelle ao bardo bergantiñán transformar este topónimo nun bravo, rexo e forte guerreiro celta ("*a quen o soar das armas é doce*"), de corpo lanzal "*cal pino que erguido na pendente está*". Con todo e iso, Pondal preséntanos un Brandoñas tenro e saudoso, falando cun seu compañeiro máis novo chamado Porcar ("*o roxo*" ou "*o brando*", "*a quen aínda a lanza fai boras nas mans*"), con quen se desafoga da tristura que lle produciu a morte da "*doce Baltar*", doncela cazadora ("*virxe frecheira*") das terras do Xallas da que se sentía namorado:

[BALTAR]

*Brandoñas o forte,
e o brando Porcar,
dous fillos dos celtas
de edá non igual,
na lanza apoiados,
cal dous abeláns
que están inclinados,
do vento quizais,
falaban da morte
da doce Baltar. (...)*

*O vento que ven
ca doce miñán,
levávalle a faldra
con doce tremar,
cando ela corría
de Xallas no chan,
seguindo dos corzos
o paso fugaz
a virxe frecheira,
a doce Baltar.*

*Da súa certa morte
ben tiven sinal.
O castrón esquivo
da barba longal,
con grande estrañeza
a vía pasar.
No mes de decembre
oín o 'cras-cras'
da pega invermiza
(a quen o saltar,
a esquiva, lle praxe
da gandra no chan).
Brandoñas amigo,*

*do corpo lanzal
cal pino que erguido
na pendente está;
ouh, recio **Brandoñas**,
a quen o soar
das armas ó doce,
cal doce compás;
a negra triganza,
o grande pesar
que sinto na alma
non ten, non, igual.*

*--Ben certo era linda,
ouh, tenro Porcar
(a quen aínda a lanza
fai boras nas mans),
aquela meniña,
dos aires irmán;
aínda por ela
con dorido afán
na escura pendente
suspira o pinal;
e o vento da gandra
nomea garrido
da doce Baltar.*

*Por ela eu sabía
o arco encurvar,
loitar co romano
de Xallas no chan;
por ela escuitaba,
movido do soán,
o pino que funga
cun doce fungar
(que ós fillos dos celtas
lle dá gran solaz).*

(Eduardo Pondal- **Queixumes dos pinos**, 1886).

Brandoñas volve aparecer noutra poesía pondaliana (*O escuro Brandoñas*, moreno, en contraposición co "*roxo Porcar*"), moi semellante á anterior, pois tamén os dous amigos están a falar "*con bágoas quentes nos ollos*" da morte da doce Baltar; os dous están tamén apoiados en cadansúa lanza "*cal dous abeláns*", en garda permanente ao axexo do invasor romano; non obstante, nesta ocasión xa non se levan anos un ao outro, pois son "*de edá tenra e igual*":

[O ESCURO BRANDOÑAS]

*O escuro **Brandoñas**
e o roxo Porcar,
dous fillos dos celtas
de edá tenra e igual,*

*na lanza apoiados,
cal dous abeláns
que están inclinados
do vento quizais,
con bágoas quentes dos ollos falaban
da doce Baltar (...).*

(Eduardo Pondal- **Queixumes dos pinos**, 1886).

Festas da parroquia

As patronais son o 15 e 16 de agosto: o primeiro día é o da Nosa Señora e o segundo dedícase a santo Antonio e san Roque.

Tamén se celebra a Ascensión, en maio. Non adoita haber verbena, unicamente o xantar familiar en cada casa.

Inventario dos bens do patrimonio de Brandofñas (segundo o PXOM)

Arquitectura e etnografía	Arqueoloxía
1.- Igrexa parroquial de Santa María de Brandofñas	7.- Mámoa nº 1 da Cerqueira (Borreiros, Os Pedrouzos)
2.- Cruceiro da Gris	8.- Mámoa nº 2 da Cerqueira (Borreiros, Os Pedrouzos)
3.- Casa, alpendres e hórreos nos Currais	9.- Mámoa nº 3 da Cerqueira (Borreiros, Os Pedrouzos)
4.- Casa e alpendres de Vilarcovo	10.- Mámoa do monte de Senande
5.- Hórreo na Gris	11.- Mámoa do Prado de Trillo
6.- Pombal en Vilarcovo	12.- Mámoa da Mina do Cotón (Os Currais)
	13.- Mámoa de Porto Carreiro
	14.- Mámoa da Pedra da Vasixa (A Xestosa)
	15.- Pedras do Castro Borreiros

Bibliografía

DOMINGUEZ RIAL, E. (1984): “Riqueza arqueolóxica del Ayuntamiento de Zas”, in *O Voceiro de Zas* nº 0, 1, 2; Zas.

LAREDO CORDONIÉ, J.M^a e X.M^a LEMA SUÁREZ (2012): *Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte. I. Bergantiños Occidental e Terra de Soneira*; Seminario de Estudos da Costa da Morte; Vimianzo.

LEMA SUÁREZ, X.M^a (coord. e dir.) et alii [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.M^a REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

LEMA SUÁREZ, X.M^a e E. LÓPEZ AÑÓN (2011): *Iconografía xacobeana nas igrexas e santuarios da Costa da Morte*; Seminario de Estudos da Costa da Morte, Vimianzo.